



Concello de Vigo
Xerencia de Urbanismo
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

Praza do Rei, s/n
36202, Vigo
Tel.: 986 810 100
Fax: 986 224 780

EXP.: 1806/433

ASUNTO: convocatoria da Mesa de contratación para o análise das ofertas presentadas no mes de decembro para o alleamento por poxa pública das vivendas municipais na rúa Rep. Argentina, 12-14

DECRETO

A Cláusula 10.1 do prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento para o alleamento por poxa pública á alza en sobre pechado das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, prevé que as sesións da Mesa de contratación se celebrarán con periodicidade mensual na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das posturas presentadas no mes inmediatamente anterior, salvo no caso de que non se presentase ningunha oferta.

Por razóns de servizo, e consonte a facultade prevista na cláusula antedita, procede cambiar a hora de celebración da mesa do mes de maio para as 12:00 horas, conservando como data de celebración 08.05.2015, primeiro venres hábil do citado mes.

Emitido o certificado das ofertas presentadas no mes de abril, e resultando este positivo, procede convocar de forma expresa á Mesa de contratación para a realización das funcións previstas no prego de condicións económico-administrativas que rexen o procedemento:

Lugar: Xerencia Municipal de Urbanismo, 2º andar (Pza. do Rei, s/n)
Día: 8 de maio de 2015
Hora: 12:00 horas

Notifíquese o presente Decreto aos membros da Mesa de contratación, e insírase no perfil do contratante para o seu público coñecemento.

MGC

Vigo, 5 de maio de 2015.

O PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN
(Delegación de 05.05.2015)

Carlos López Font

